

# **ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA E POLA RETIRADA, TRASLADO E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.**

## **CAPÍTULO I. CONCEPTOS XERAIS.**

### **ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola inmovilización e custodia de vehículos na vía pública, pola retirada, traslado, depósito e custodia de vehículos retirados da vía pública, que se rexerá por esta ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal derivada da inmovilización e custodia de vehículos na vía pública e pola retirada, traslado, depósito a algún dos depósitos municipais e custodia dos vehículos retirados da vía pública, así como a retirada con guindastre de vehículos da vía pública no municipio de Narón e o seu traslado a un lugar próximo e visible dende onde estivese o vehículo estacionado, que se realizará nos supostos contemplados na Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Vial, nalgunha das circunstancias enumeradas a continuación:

#### **2.1. A REQUERIMENTO DA AUTORIDADE XUDICIAL.**

2.1.1. Para proceder o depósito dun vehículo a requirimento da autoridade Xudicial será necesario escrito no que figure a Autoridade que dita a orde e número de dilixencias.

#### **2.2. A REQUERIMENTO DE ORGANISMOS POLICIAIS.**

2.2.1. Para proceder o depósito dun vehículo a requirimento de Organismos Policiais será necesario escrito no que figure a policía solicitante, motivo da retirada, número de dilixencias e xulgado que entende do caso.

#### **2.3. A REQUERIMENTO DE OUTROS ORGANISMOS OFICIAIS.**

2.3.1. Para proceder o depósito dun vehículo a requirimento de Organismos Oficiais será necesario escrito no que figure o organismo que dita a orde, motivo da retirada e número de expediente.

#### **2.4. SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO NÚMERO 63 DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.**

2.4.1. A Policía Local poderá ordenar a retirada e depósito dun vehículo da vía pública cando se atope estacionado en calquera das seguintes circunstancias:

- a) En lugares que constituía un perigo.
- b) Se perturba gravemente a circulación de peóns ou vehículos.
- c) Se obstaculiza ou dificulta o funcionamento dalgún servizo público.

- d) Se ocasiona perdas ou deterioro no patrimonio público.
- e) Se se atopa en situación de abandono.
- f) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación temporal sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se supere o dobre do tempo aboado conforme ao establecido ao respecto nesta ordenanza.
- g) Nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril bus, carril taxi, paradas, diminuídos físicos, etc).
- h) En caso de accidentes que impidan continuar a marcha.
- i) Nun estado de deterioro tal que obrigara á súa inmovilización.
- j) Cando procedendo legalmente á inmovilización do vehículo non houberse un lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- k) En espazos reservados a servizos de seguridade ou urxencias.
- l) En vías catalogadas como de atención preferente (VAP)
- m) Nas reservas para servizos especiais (amoblamento, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais), dentro da zona acoutada, cando o estacionamento se realice despois de acoutar e sinalizar a zona, os gastos derivados serán por conta do infractor ou titular do vehículo e cando o vehículo estivese estacionado na zona antes de proceder ao acoutamento e sinalización da zona, para garantir o servizo, procederase a retirar e estacionar o vehículo nunha zona próxima e de non haber un lugar apropiado, procederase ao seu traslado ao depósito municipal, sendo os gastos de retirada, traslado e custodia por conta da Administración.
- n) Nas reservas por obras na vía pública, dentro da zona acoutada, cando o estacionamento se realice despois de acoutar e sinalizar a zona, os gastos derivados serán por conta do infractor ou titular do vehículo e cando o vehículo estivese estacionado na zona antes de proceder ao acoutamento e sinalización da zona, para garantir o servizo, procederase a retirar e estacionar o vehículo nunha zona próxima e de non haber un lugar apropiado, procederase ao seu traslado ao depósito municipal, sendo os gastos de retirada, traslado e custodia por conta da empresa responsable das obras.
- ñ) En calquera outro suposto previsto na lei ou na ordenanza de tráfico deste Concello.

## 2.5. VEHÍCULOS CON ORDE DE PRECINTO.

2.5.1. Cando sexa localizado un vehículo con orde de precinto informarase inmediatamente á unidade administrativa que ditou a orde. Se se atopa estacionado procederase ao seu traslado, depósito e precinto, sendo denunciado se estivese cometendo algunha infracción. De atoparse circulando se lle darán indicacións para súa detención, procedendo posteriormente ao seu traslado, depósito e precinto.

2.5.2. A requirimento do propietario do vehículo, se non contradí a orde que orixinou o precinto, este poderase precintar no lugar determinado por el, si as circunstancias o permiten, non supoñendo neste caso custo algún para o titular.

## 2.6. VEHÍCULOS QUE CARECEN DE SEGURO OBRIGATORIO.

2.6.1. Cando sexa localizado un vehículo circulando ou estacionado e careza do seguro obrigatorio de vehículos, este será trasladado ao depósito municipal, devengándose as taxas correspondentes.

## 2.7. ACTUACIÓN POLICIAL.

Cando con motivo dunha actuación policial, no ámbito da súa competencia, os policías se vexan na obriga ou necesidade de retirar un vehículo da vía pública.

## 2.8. INMOBILIZACIÓN.

O feito imponible tamén está constituído pola inmovilización por medio dun procedemento mecánico que impida a circulación dos vehículos estacionados de forma irregular sen perturbar gravemente a circulación ou en calquera outro suposto previsto na lei ou nesta ordenanza.

## **ARTIGO 3. PROCEDEMENTO COS VEHÍCULOS RETIRADOS E DEPOSITADOS NOS SEGUINTE SUPOSTOS.**

### 3.1. OBXECTOS OU ANIMAIS NO INTERIOR DO VEHÍCULO.

3.1.1. Cando no interior dos vehículos que se trasladen o depósito municipal se observen obxectos de valor refrectiranse no parte correspondente e axuntando reportaxe fotográfica.

3.1.2. Se o vehículo se atopase aberto ou en circunstancias de fácil acceso o seu interior, os obxectos de valor depositaranse provisionalmente, co obxecto de facilitar o seu propietario a súa recuperación, nas oficinas da Policía Local de Narón, realizando o correspondente informe, detallando os obxectos e axuntando o reportaxe fotográfico.

3.1.3. Cando no interior dos vehículos que se trasladen o depósito municipal se atope algún animal, farase todo o posible por localizar, con carácter urxente, ao seu propietario ou condutor, avisando de tal circunstancia. Se non fose posible localizalo, transcorrido un tempo razoable e vendo que o animal puidera sufrir danos, darase aviso ó centro de recollida de animais correspondente. Unha vez personado este servizo e transcorrido un tempo prudencial, procederase a rotura dun cristal do vehículo para retirar dito animal, poñendo a continuación a disposición do citado centro. Todos os gastos que puideran orixinarse correrán por conta do propietario do vehículo.

## **OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.**

A obrigación de contribuír baséase na actividade municipal de prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 2), motivados directa ou indirectamente pola actuación ou a conduta negligente dos condutores, titulares ou propietarios dos vehículos prevista na lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL, que regulan a retirada de vehículos da vía pública no Concello de Narón.

## **ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS.**

- 4.1. Será suxeito pasivo contribuínte o condutor do vehículo obxecto do servizo. O titular do respectivo vehículo será, en todo caso, responsable subsidiario do pago da taxa.
- 4.2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e/ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria. (Lei 58/2003, de 17 de decembro).
- 4.3. Nas reservas por obras na vía pública, dentro da zona acoutada, cando o estacionamento se realice despois de acoutar e sinalizar a zona, os gastos derivados serán por conta do infractor ou titular do vehículo e cando o vehículo estivese estacionado na zona antes de proceder ao acoutamento e sinalización da zona, para garantir o servizo, procederáse a retirar e estacionar o vehículo nunha zona próxima e de non haber un lugar apropiado, procederáse ao seu traslado ao depósito municipal, sendo os gastos de retirada, traslado e custodia por conta da empresa responsable das obras.

#### **ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO.**

- 5.1. A obrigación de contribuír nace no momento en que se preste ou se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo neste último caso da redución da cota establecida no artigo 8, cando o condutor, titular ou encargado se faga cargo do vehículo e proceda a retiralo pola súa conta.
- 5.2. Salvo as exencións previstas nesta ordenanza, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada, traslado e depósito ou inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dera lugar á retirada.

#### **ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.**

- 6.1. A base imponible das taxas reguladas na presente ordenanza está constituída polo resultado de aplicar os tipos de gravame establecidos na tarifa e a clase de servizo prestado, tendo en conta a súa duración tipo de vehículo.
- 6.2. A base liquidable coincidirá coa imponible, salvo nos supostos nos que sexa de aplicación a redución que prevé o artigo 8º.

#### **ARTIGO 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

- 7.1. Están exentos do pago da taxa polos servizos regulados na presente ordenanza os vehículos retirados a requirimento da autoridade xudicial, cursado a través da Alcaldía ou do Concelleiro Delegado de Tráfico, en virtude do deber de colaboración interadministrativa.
- 7.2. Estarán exentos do pago da taxa polos servizos regulados na presente ordenanza os vehículos retirados a requirimento de organismos policiais, cursado a través da Alcaldía ou do Concelleiro Delegado de Tráfico ou cando as actuacións requirían de xeito inmediato por petición dos policías actuantes, tendo que documentar a intervención para constancia no expediente.
- 7.3. Están exentos de pago da taxa polos servizos regulados na presente ordenanza os vehículos retirados a requirimento de outros organismos oficiais, cursado a través da Alcaldía ou do Concelleiro Delegado de Tráfico.

7.4. Estarán exentos de pagamento das taxas polos servizos regulados na presente ordenanza os traslados de vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas no caso de roubo, accidente ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas.

7.5. Os vehículos estacionados nas reservas para servizos especiais (amoblamento, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais), dentro da zona acoutada, cando o vehículo estivese estacionado na zona antes de proceder ao acoutamento e sinalización da zona.

7.6. Están exentos do pago da taxa polos servizos regulados na presente ordenanza os vehículos depositados nalgún depósito municipal que cumprindo os requisitos establecidos foran doados ao Concello polo seu titular mediante o expediente oportuno.

#### **ARTIGO 8. TARIFAS:**

1. Os dereitos esixibles fíxanse na seguinte contía:

<b>CONCEPTO</b>	<b>TARIFA</b>
a) Pola retirada de ciclomotores, motocicletas, quads e vehículos para persoas de mobilidade reducida	30 €
b) Pola retirada de cuatriciclos	30 €
c) Pola retirada de remolques cunha MMA inferior ou igual a 750 kg	30 €
d) Pola retirada de turismos	60 €
e) Pola retirada de remolques cunha MMA superior a 750 kg. e inferior ou igual a 2500 Kg	60 €
f) Pola retirada de furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA inferior ou igual a 2.500 Kg	60 €
g) Pola retirada de furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA superior a 2.500 Kg e inferior o igual os 5.000 Kg	130 €
h) Pola retirada de toda clase de vehículos con MMA superior a 5.000 Kg, as taxas serán as sinaladas na epígrafe anterior, incrementadas por cada 1.000 Kg ou fracción que exceda de 5.000 Kg en:	11 €
i) Nos percorridos fóra do núcleo urbano, sobre a cantidade fixada anteriormente, por cada Km. percorrido	1,00 €
j) As taxas resultantes dos conceptos anteriores, incrementaranse nun 50 % cando os servizos que as motivan teñan lugar dende as 22:00 horas ás 08:00 horas e durante os festivos e fins de semana (dende as 22:00 horas do venres ata as 08:00 do luns)	
k) As taxas reduciranse nun 50 % se o condutor ou persoa autorizada comparece antes de efectuarse o traslado, aínda que o vehículo estea enganchado ao guindastre ou sobre a plataforma, pero non haberá lugar se xa se iniciara o traslado	
l) Polo traslado a un lugar próximo de ciclomotores, motocicletas, quads e vehículos para persoas de mobilidade reducida	25 €
m) Polo traslado a un lugar próximo de cuatriciclos	25 €
n) Polo traslado a un lugar próximo de remolques cunha MMA inferior ou igual a 750 kg	25 €
ñ) Polo traslado a un lugar próximo de turismos	55 €
o) Polo traslado a un lugar próximo de Pola retirada de remolques cunha MMA superior a 750 kg. e inferior ou igual a 2500 Kg	55 €

p) Polo traslado a un lugar próximo de Pola retirada de furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA inferior ou igual a 2.500 Kg	55 €
q) Polo traslado a un lugar próximo de Pola retirada de furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA superior a 2.500 Kg e inferior o igual os 5.000 Kg	124 €
r) Polo traslado a un lugar próximo de toda clase de vehículos con MMA superior a 5.000 Kg, as taxas serán as sinaladas na epígrafe anterior, incrementaranse por cada 1.000 Kg ou fracción que exceda de 5.000 Kg	11 €

A anterior tarifa completárase coas taxas correspondentes ao depósito e garda dos vehículos dende a súa recollida, así como ao transporte suplementario que requirise o traslado destes vehículos a outros recintos establecidos dentro de núcleo urbano. Este transporte poderá efectuarse cando resulten insuficientes os locais nos que foran depositados e non antes das seis horas da súa recollida.

2. As contías das referidas taxas, por día natural ou fracción, a partir das primeiras 24 horas, serán as seguintes:

a) Ciclomotores, motocicletas, quads e vehículos para persoas de mobilidade reducida	8,86 €
b) Cuatriciclos	8,86 €
c) Remolques cunha MMA inferior ou igual a 750 kg	8,86 €
d) Turismos	8,86 €
e) Remolques cunha MMA superior a 750 kg. e inferior ou igual a 2500 Kg	8,86 €
f) Furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA inferior ou igual a 2.500 Kg	8,86 €
g) Pola retirada de furgonetas, furgóns, remolques, tractores, camións e calquera outro vehículo non incluído neste apartado nin nos apartados anteriores, cunha MMA superior a 2.500 Kg e inferior o igual os 5.000 Kg	11,00 €
h) Toda clase de vehículos, con MMA superior a 5.000 Kg	13,33 €

<b>INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS</b>	
Por vehículos inmovilizados, por día natural ou fracción	17,56 €
Nas tarifas anteriores enténdense incluídos os gastos de aparellos mecánicos, depósito e custodia dos vehículos e persoal municipal necesario	

## **CAPÍTULO II.**

### **ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.**

O procedemento e actuacións municipais adecuaranse á lexislación vixente en materia de circulación e seguridade viaria.

### **ARTIGO 10.**

Realizado o traslado do automóbil ao depósito municipal, o seu titular será notificado para que abone a taxa e recolla o vehículo.

O importe da taxa será liquidado e notificado ao interesado cando compareza a recoller o vehículo.

### **ARTIGO 11.**

Non serán devoltos aos seus propietarios ou persoa autorizada, os vehículos que foran obxecto de recollida sen facer antes o pagamento do importe das taxas

correspondentes, que é independente das sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación.

**ARTIGO 12.**

Transcorrido o prazo legalmente establecido na lexislación vixente sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, procederase ao cobro por vía de constrinximento.

Para este efecto, o vehículo obxecto de depósito terá a condición de ben embargable.

**ARTIGO 13.**

Cando os titulares dos vehículos depositados ou os seus domicilios fosen descoñecidos, as notificacións ás que se refire o artigo 10 faranse mediante publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia por conta do interesado.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.